

A·R·OSA·TERRA

BOLETIN DESENAL

Idearium da Irmandade da Fala en Galicia e nas colonias galegas d'América e Portugal

Redaición e Administración: PASEO MÉNDEZ NÚÑEZ (Irmandade da Fala)

Número 78

A CRUÑA 15 DE XANEIRO DE 1919

N-ESTA HORA HISTÓRICA

Un esquirtor centralista fala de cencia...

Ahora hace falta saber si España es una nación en donde puede la ciencia ser aplicada sin crear antes ciudadanía, cultura societaria y hombria de bien.

Antonio Zozaya

Pro da qué cencia se refire o señor Zozaya? ¿Qué cencia é a que convén apricar n'un ambiente donde haxa cibdadanza, cultura societaria e "hombria", de ben? O referirse a Hespaña, o señor Zozaya pensa sin dúbida, na política hespñola, na política que é, aquí como en todas partes, o sector en que ten de prender toda nova semente e toda innovazón, o sector de onde surxen as evolucións xeneraes e os cambios mais amplos e profundos. Pro non se decata o insine esquirtor que non pode haber cibdadanza, cultura societaria nin apenas "hombria", de ben ali onde n'hay cencia, porque a cencia, o conocimento intensificado pola reflexión é o laboratorio onde se fabrican esos outos valores, que son o producto mais xenuino e verdadeiro da civilización. Declimos "apenas", "hombria", de ben porque, ainda sin cencia, é verdade, un home pode ter ese tesouro. Pro a ese tesouro fállalle o refrendo e a luz da concencia, e sempre será un valor en estantio, un valor natural sin lei nin relixion, com'ó d'un molusco que gardase no seu seo pelas preciosas.

Non se pode apricar a cencia en Hespaña porque non hay cibdadanza nin cultura soci-

taria, ou non existen estas cualidás da civilización porque aquela, a cencia, non foi aplicada denantes e sóbor d'ela creóuse a concencia cibdadana? Temos, como se ve, necesidade de invertir os termos. E acordámonos de quen poidera ter na escravitude, encadeados, a muitos homes, orfos de toda cultura e toda idea de libertade, e logo xustifícase o seu de-reito a seguir fendoos escravos porque non estuvesen preparados pra vida libre. Razonamento somellante é o que teñen como tópico socorrido os que dicen que Galicia non está preparada para gobernarse autonómicamente. A esto poidera responderse con unha sínxela interrogación que xa estuvo nos beizos do esgreivo loitador nazionalista Peña Novo: ¿está o actual Estado hespñol capacitado pra gobernar-nos? Non hay persoa de bon senso, persoa libre e honrada que diga que sí.

En Hespaña, desde logo, non se pode aplicar a cencia. A cencia é un elemento europeo que chegou a este territorio peninsular en dosis miserables, como chegou o conceito político, considerado nas suas mais fondas e puras raíces, como chegou o espírito de cibdadanza, como chegou a noición do dereito dos homes e dos povos, como chegou canto é outa manifestación da vida e da cultura modernas. Non chegou a cencia sinón en xeito aparente, en miméticos remedios, e por eso non hay esas realidades fecundas a que alude o nomeado literato centralista. Pro si esa cencia non pode aplicarse de cheo, como certas sementes non poden fruitificar axiña en terras non preparadas, compre que pouco a pouco, —así se fixeron todal-as cousas no mundo— vayamos pondo as realidades velhas en condicións de facer nupcias coas realidades novas e punxentes, coas realidades amenazantes. Na Hespaña que rixe e manda, a cencia é unha cousa exótica, un abaloiro, unha superfluíldade. Os homes cortesáns non lles fal falla, pra ter predicamento e pitanza, mas que ousadía e flexibilidade no espíñazo; habilidade amorral e parolas feñas pra engayolat os parvos e convencer os mendicantes. Sobrarfallas a cencia, si a tuveran. Boa conta tuveron en percurar que pra vivir eles vivisen na escuridade e na ignorancia os cibdadás. N'este Estado hespñol que boquea de morte por astenia espiritual e

fatal senillidade, calquer cacique ou calquer nepote ou calquera arrivista argalleiro é ministro de Facenda, ou de Estado, ou de Fomento, ou de Instrucción pública, sin a menor propa-ración, pra desempeñar a concencia o encárre-go. Hay de cote un fato de homes que turnan nos postos mais outos do Estado e usofruitúan a falla de cibdadanza e a tesis moral e intelectual do pobo hespñol. Esta é a triste, a vergoniosa, e indignante realidade hespñola. ¿Einda se fala de cencia e de cibdadanza e de cultura?...

ROBERTO BLANCO TORRES

Trás nós virá...

O réxime chamado de democracia direita nas reformas da administración municipal que ven estudiando a fracasada comisión extraparlamentaria, referente ós concellos pequenos, n'esencia, é o mesmo pedido polos nazionalistas galegos na Asamblea de Lugo. Agora percisamos que s'axeite ó sistema parroquial na nosa Terra. E enton, morto o caciquismo do «rus».

¿Qué dicirán os sabios que nos critican?

A muller cabeza de familia eleitora e elexible, tamén se ten pedido na mesma Asamblea.

Na mesma Asamblea, pidiuse que a legislación social no que sexa privativo de Galicia—sobor todo as cousas agrarias—perteneza ás facultás do Poder autónomo.

Censurousemos porilo. E houbo sabi-

CADRO BRANCO

Mandaron unhas concrusiós ó Goberno, pidindo a autonomía para Galicia, os concellás de Santiago, Vázquez Enríquez, Villar Iglesias, Gil Casares, López Naveira e Moreno Tilde.

Estes mesmos concellás pensan facer unha Asamblea de Axuntaméntos, que ideara o noso Porteiro.

Merecen a nosa embora.

A fin pariu o concello compostelán.

CADRO MOURO

Os concellás monteiristas de Santiago, non queren a autonomía galega, senón a regañadientes.

Queren un pobo escravo do parvo d'Astorga e do cuneiriño Saiz de Viña, xenro do xenro maior; queren unha Universidade serva da sombra de Lourizán e inútile.

Queren que a cidadanía os barra a trallazos. ¡Aló eles!

chondo, com o diretor do *Ideal Gallego* que dixo: «Isto non pode ser; os galeguistas danlle cento e raia ós seus mestres de Cataluña que non s'atreveron a reclamar tal direito».

Pois agora resulta que os socialistas catalás esixen da Mancomunidade—e a Mancomunidade acetou a esixenza—que a legislación social de Cataluña pase integralmente ó Poder autónomo.

Logo, os nazionalistas galegos non son discípulos de ninguén, conocen o que tran entre máns, e somente s'axeitan ás realidades da Terra nas que ollan a única mestra e dona.

E inda hai papanatas ben, por esas ruas, que negan os nosos valores, cando eles non acertan a escribiren mais que cousas sonorosas pol-o ocaas e cursis.

OPINIÓS AFINS

Tí, goberna a tua casa

Fai unha ducha d'anros, sendo eu alumno do Sr. García Niebla, dicíame este que os adultos com'a min, convíñña darles unha educación cívica. Eudeben, na crase d'escritura posíxame temas, para desenrolar, d'este xeito: «¿Qué opina vosté da guerra?», «¿Qué opinión lle merece a vosté a Solidaridade galega?».

Lembrome que, pouco mais ou menos, contestei á derradeira pregunta: «Si a Solidaridade galega ha servir para mellorar a Galicia en todos os ordes, conforme estou con ela; mas si quer mellorar a costa d'outras rexións, xermolando xenreiras e divorcios ante istas, o non poido estar de conformidade con semeillante movemento, pois eu son socialista e os socialistas somos xa non somente partidarios da unión de todal-as rexións d'Hespafía, senón de todal-as nazóns do mundo: somos internazionalistas.

E de certo que eu d'aquela o non conecía (tampouco coneixían os socialistas hespafíoles, ou, cando menos, parecía o non coneixer) o problema da autonomía rexional; e xa todos nos temos decatado de que a Solidaridade galega, fracasou por llóxica, pols endemais axuntaba, levando por bandera «¡guerra al caciquismo!», misturados a caciques e escravos seus.

E tan evidente a esistencia de crases na sociedade actual, que, inda que n'outros xeitos evolucione, como xa ten evolucionado o Partido Socialista, n'isto estou ficando c'o pensamento coma fai 22 anos.

D'eiqui dedúcese que eu coldase entón e siga coldando, que non poden conviviren o traballo e o cordeiro. Este foi meu criterio na Sociedade d'Agricultores de Serantes, cando ista colectividade, fondamente trabucada, boicoteaba ós caciques que se negaban a pertenecer a ela. Isteas caciques conciñeron por asociárense

na mesma colectividade; e como tifien maior cultura, xeralmente, que os seus escravos, e como ademais disponen das terras e de todos os meios económicos, que son coactivos, acabaron por desmoralizaren aquela podente organización que axuntaba 1.400 socios e que se tifia adonado do Municipio, conquerindo alcalde de seu. Hoxe, apenas si fica un débil anaco d'aquel organismo.

Como temos sabido que a Solidaridade galega o non é a Autonomía galega; com o Partido Socialista evolucionou en muitos ordes—todo muda e se troca no mundo—e polo mesmo non existía razón para que non tivera evolucionado n'isto das autonomías rexionais; com o que isto escribe non pensa somente polo que falga o Partido socialista, senón què pensa tamén de seu, por propia conta, coida que a estas datas, o problema político a resolver mais axiña na Hespafía, é o das autonomías rexionais.

D'eiqui dedúcese que o meu senso d'entón—cando era alumno do Sr. Niebla, que d'an-

quila se fixo solidario galego e logo ficou en cacique liberal de García Valeiro—non la trabucado no fondo, pois eu non quería xenreiras e lutas antrás das diversas rexións d'Hespafía, como as non quero inda hoxe, querendo, en troques, a autonomía das rexións, pois estou prenamente convencido de que a autonomía non envolve odio para ningun pobo nin para ningunha nazón. E, sinxelamente, dicírille ós que se entrometen a gobernar a casa allea: «Tí, goberna a tua casa».

A autonomía das rexións é «o direito dos povos a dispor libremente de si mesmos». Frases tan outamente programadas en todos os seus congresos polo partido socialista internacional; que significan a abolición da invasión política... e non pacífica, e o eterno destrubamento de todos os caciquismos.

Asi son eu autonomista; asi, son rexionalista; asi son socialista; asi son perene anatematizadore de caciques e de poderes estranos.

GONZALO PANTIN LANDEIRA.

CURIOSA ESTADÍSTICA

○ TEATRO GALEGO ○

Pra que se vexa como se vai esperando a afición polas cousas xenuinamente nosas, a labor galeguista das Irmandades da Fala, e a importancia que val adequirindo o Teatro enxebre, en que tiven a curiosidade de seguir paso a paso n'estes dous anos derradeiros a produción dramática rexional fun anotando as funcións celebradas, e as misñas notas, que xulgo interesantes, son estas:

O dia 15 de Abril de 1917 estrenouse no Círculo das Artes, de Lugo, o boceto dramático nun acto e dous cadros, en verso, orixinal de don Euxenio Carré, titulado *Sacrificio*. Tamén representouse *O Zoqueiro de Vilaboa*, de Nan de Allariz.

O cadro de decramación da Sociedade de Dependientes de Comercio tivo ó seu cargo estas representacións.

O 29 representouse no Centro de Artesanos, de Villalba, *O Chufón*, de X. Rodríguez.

A noite do 12 de Santiago, debutou o coro rexional *Cántigas da Terra*, da Crufia.

No festival co'este ouxeto foron recitados o monólogo de Enrique Labarta, *A festa de Taboiron*, e o diálogo de Leandro Carré, *A ruín materia*.

O Ensayo de Compañía cómico-dramática, dirixida polo notable amador Rodrigo García, puxo no Teatro Rosalía Castro, o 16 d'outono, o drama en dous actos *Esclavitud*, orixinal de don Manuel Lugris.

O 10 de San Martiño, n'outra festa do coro «Cántigas da Terra», estrenouse polo selcción de decramación do mesmo, a comedia nun acto *Pra vivir ben de casados...*, da que é autor o xoven D. Leandro Carré.

Romata o ano co'a representación en Villalba do drama de Lugris, *Minia*, que tuvo lugar o 23 de Nadal no Centro de Artesanos.

O ano 1918 empeza con más fortuna, con labor mais intensa.

Estrenase o 7 de Xaneiro no «Círculo Mercantil», de Santiago, o drama en dous actos *O Rey da Carballeira*, orixinal de D. Ricardo Frade Giráldez, o que outubo un éxito grande,

confirmado días despois n'outra representación da mesma obra realizada no Teatro Principal.

O 17 do mesmo mes subiu a escena *O Fidalgo*, drama en catro actos, escrito en verso por D. Xesús San Luis Romero, que abrangeu varias representacións en Santiago con estrondoso éxito.

Febreiro 3. Na «Liga de Amigos», de Puentede Mera (Ortigueira), represéntase *O Chufón*, de D. Xesús Rodríguez López, e *O Zoqueiro de Vilaboa*, de Nan de Allariz.

En Santiago ten lugar o estrecho de *Unha aventura na vila, e conto na aldea*, de que é autor o escolar D. Manuel Vázquez Santa-maria.

Na Crufia represéntase tamén varias veces *O Fidalgo*, de Xesús San Luis, obra que é agrauidada tamén n'outros teatros da rexión.

O 9 de Marzo estréñase polo selcción de clamación do Coro «Cántigas da Terra», no Teatro Rosalía Castro, da Crufia, a comedia en dous actos *O Pazo* orixinal de don Manuel Lugris que é representado tamén no Ferrol o 5 de Abril e en Vigo o 21 do mesmo mes.

O 7 de Abril pone no «Centro Cultural de Santo Tomás», na Crufia, o entremés *Facendo o xantar* de D. Perfecto Martínez.

O mesmo dia no «Club Atlético Coruñés», estréñase o diálogo *Entre vellos* orixinal de don Ramón Suárez.

O 2 de Mayo, a selcción do Orfeón Gallego, representa en Santiago o drama en verso de don Francisco M. da Iglesia *A Fonte do xuramento*.

O 12 do mesmo mes, no Teatro de Ortigueira, estréñense a peza en catro actos *O Tío Xan e a sua xente*, de que é autor don Xosé Pérez Yáñez.

En Ourense ten lugar unha festa a beneficio da «Asociación da Prensa», e recítase o diálogo *Marzadas* escrito por don Xavier Prado (Lameiro).

O 30 de San Xuan, n'unha festa escolar da Crufia pone o diálogo *Un chubasco*.

O 16 representouse polo os rapaces de

«Cántigas da Terra», da Cruña, no Teatro Circo de Lugo. O Pazo de Lugris.

O 14 de Santiago, é posto en Santiago O Pazo, pol-a «Unión Artística» de Vigo.

O 8 de Setembro, O Pazo é representado en Sada pol-a selección de «Cántigas da Terra», da Cruña.

O 21 do mesmo mes o cuadro «Brisas Futuras» que levara en trunfo O Fidalgo de San Luis pol-a rexión entera, representa en Santiago A Ponte de Lugris.

Pon romate á este ano a representación no «Centro Lucense», da Cruña do diálogo A rutn materia de Leandro Carré.

Comenzou o novo ano c'unha velada no Alfonsetti, de Betanzos, pónose n'esca O Pazo, de Lugris. O Miñato e mais a pomba, de Rodríguez Elías, e o monólogo O embargo.

Fixéronse dous concursos literarios n'este ano, un organizado pol-a Provincia, semanario de Pontevedra, en que foi premiado un xoguete cómico de don Roxelio Rivelto.

O outro organizouno A Nosa Terra da Cruña, e nel foi laureada a comedia en dous actos Enredos orixinal de Leandro Carré.

Esperamos que o novo ano 1919 sea máis fecundo ainda, e que a calidade das obras supere hasta o d'agora conocido, como seguramente mellorará tamén a labor dos artistas, que cada día estudan máis.

UN AMADOR DO TEATRO.

Galegos dinos; galegos cidadáns; galegos amantes da libertade; galegos enemigos da esclavitude e do servismo e dos asoballadores da Terra: ali onde haxa un diputado, un cuneiro, representador da política de García Prieto, de Alba, de Besada, de Bugallal, d'Espada, de Gasset, facéelle guerra a morte.

Abonda onde queira un pequeno fato de mozos para dar o berro contra eses... cuneiros, vergüenza da nosa casta.

Porque xa o cuneirismo e o caciquismo son de por eles intolerables. Pro donde que Alba, Besada, Bugallal, Espada e Gasset, opónense tanto poden, empregando o sistema da noxenta zancadilla, contra os que queren a libertade e a autonomía dos pobos, hai que declaralos fósiles e escravizadores despreciables.

Leña contra ises «conservadores» das oligarquias, leña contra eses liberáns do xeito do ambicioso Alba, cabecilla dos trigueiros castelás e contra o gassetismo incivil, tinguido c'o sangue de Nebra.

Leña contra eles e contr'os xornás que, chámándose galegos, defendénos...

Un proyeuto de Parlamento galego

Noso particular amigo o director de El Ideal Gallego, D. Alfredo García Ramos, inda que tratou de combatir o manifesto da Asamblea nazionalista de Lugo, tivo a bondade que moi lo agradecemos de remitire á «Irmandade» un proyeuto de Parlamento galego.

O Sr. García Ramos, c'o dito proyeuto, verdadeiramente democrático, manifestase sincero partidario da autonomía integral de Galicia.

Ademais coincide nas bases que desenvolve co'as dos nazionalistas catalás posteriores ás suas, e non fala nas mesmas de

confesionalidade nin de forma determinada de goberno.

Nós sintimonos moi obrigados pol-a atención do Sr. García Ramos que sería un home útil á causa do galeguismo si abandoara o xeito contraditorio no que acostuma a acochárese, con perxucio dos seus talentos.

DO POETA DA RAZA

Meu amorío...

O meu amor morreu. Foi un que tiven
cando andaba en dez anos.
N'él non houbo feridas nin congoxas,
tristuras nin salayos.

Era unha nena branca como un lirio
co'a que xoguei o arco,
axuntei estampiñas, collin rosas
e brinquei pol-os agros.

¡Trúxoa a bris d'un Abril morno, levouna
frio vento d'un Marzo!

Nunca alcancei a comprender en onde
nascia o seu encanto;
nos seus braciños soio somellantes
a varaes de nardos,
nos seus ollos azúes, paxariños
das lendas de milagros,
nos seus pés, volvoretas beiladoras,
ou no seu traxe branco
que lle prestaba xeito d'esas fadas
dos contos aldeanos
que bendicen as herbas dos veiraes,
acrecentan o gando,
tran a choiva nos tempos de sequías,
dispoñen dos orballos,
e fan fuxir as néboas tolledoras
ó seu conxuro máxico.

¡Trúxoa a bris d'un Abril morno, levouna
frio vento d'un Marzo!

Cando n'un leito de cheirosoas fróres,
a caixa en que a enterraron,
vin que durmia sorreindo, pálida
como un xasmin allado,
non chorei que non puiden; ipro do peito
sentin que me arrancaron
un «non sei qué», de vida e d'agarimo,
algo que tiña dentro moi cravado!
¡Aquel dia que a nena compañeira
ficou no camposanto
acabouse o xogar, i-entrei no mundo
p'lo aberto lumear do desengano!

Pro teño inda unha espranza. ¡Cando morra
hame estar esperando
i-hei de volver, con ela, a cortar rosas
e correr pol-os agros.

R. CABANILLAS.

Novas da causa

Achase en Madrid, noso querido irmán, Vicente Risco. E aló, dou a todos os galegos e ainda a muitos galeguistas, unha mostra crística e exemplar do seu amare á grande obra.

Vicente Risco, que é un dos mozos da nosa Terra de maior vestimento, de maior finura espiritual e más fonda cultura, escribeu nun xornal de Madrid a cotío artigos notabres feitos no noso idioma, sobre da autonomía.

Vicente Risco, este insine cadeirático, marcou o camiño a seguirnos a cantos teñiamos a disgracia de vivir na Corte e cortello uns días.

Ben polo Risco. ¿Qué dicirán os parvos e cursis redactores d'El Orzán, o xornal mais provincial, inculto e vello que existe na Galicia.

* * *

Os nazionalistas d'Ourense e os da Estrada e Cuntis dirixíronse ó Goberno pidiéndolle que caso de facerse unhas informes rexionais sobre da autonomía, escóitese a opinión dos elementos que non teñan representación parlamentaria.

Mol ben. Temos que ire curándonos en saude. Contra a voz dos caciques, sempre a nosa.

* * *

No nome de diversos grupos nazionalistas galegos D. Aurelio Riba fixo entrega ó señor Maura, presidente da fracasada comisión extraparlamentaria, dos deseños do noso nazionalismo, n'un informe escrito.

* * *

Noso querido irmán, Roberto Branco Torres, en varios xornais de Madrid, Barcelona e Galicia, ven publicando artigos moi interesantes sobre do noso pleito galeguista.

Así se fai patria.

* * *

En Narón, a Liga rexionalista do Ferrol, fixo un mitín «pro organización campesina», o 29 de Nadal que foi un grande trunfo.

Falaron o presidente da Liga, os señores Pardo e Alvarez, de Pontedeume, Rodriguez, obreiro ferrolán e o incansable loidador prestixiosísimo señor Bidegain.

O mitín celebrouse na que foi casa Consistorial de Narón, n'outro tempo castelo do caciquismo noxento, e hoxe propiedade dos labregos amigos nosos.

Conquerironse n'aquele acto moitos asociados. Por certo que entr'os labregos escuñenza a porse en práctica unha idea moi afortunada: a de declaralles o boicot a todos os caciques que son tendellos. E como nas aldeas hai muitos tendellos caciques, sofrirán onde lles dola. Algúns xa están camiño d'arruinárense.

Labregos de toda Galicia, que s'espalle o bon exemplo. O trunfo é voso.

* * *

En Santiago de Mera fixose o grande acto que tiñamos anunciado para chegar a asociación de todos os sindicatos agrarios e ganaderos do distrito d'Ortigueira, que son muitos.

A chamada fóra feita n'unha folla impresa en galego. Abriu a reunión o gran poeta Victoriano Talbo. Logo falaron os señores Pita Sánchez Boado e Pita Romero.

O segundo demostrou ter unhas fondonismos conocimentos das custiñas agro-pecuarias. Deulles fructíferos consellos e sabias orientacións ós labregos, e foi moi apreciado e louvado.

Nosa embora ós ditos amigos e a "Xintanza Labrega..

A "Irmandade da Fala", da Cruña e o Directorio do partido nazionalista galego, saudaron n'un telegrama ós señores que compoñen a xunta de defensa da vila de Carlío, polo xesto ciudadán e valente que tiveron rifando c'os caciques d'Ortigueira, servos espirituás d'Astorga, onde nasceu o xenro de Monteiro Rios que hoxe—malpocadín—pertende oponerse ó trunfo dos santos ideáis d'autonomía.

Tivémos-a satisfacción de saudar na Cruña ós membros da xunta de Defensa de Carlío.

N'a Voz de Ortigueira, boletín d'aquela vila, publicouse un artigo en galego firmado por un *Predicador rural*, que é merecente de gabanzas. Di muitas verdades.

Pró no mesmo número do mesmo papellón, ollamos unha loubia, feita en Castelán, pira o caclique sulfú Casariego.

E isto, non... Isto fixónos escachar de risa, A tempos novos, xentes novas e... cultas. ¡Fora os vellos caciques asoballadores do pobo!

Xalme Solá non escribirá máis parvadas n'*El Sol*.

Isto que os nazionalistas non teñen forza!

Xavier Monteiro Mijuto

Eiquí tedes un dos nomes mais lumiosos no momento galleguista que vivimos. Xavier Monteiro é compatriota de fonda enxebreira, de enxebreira nada nun senso de rexia cultura. Un dos loitadores, dos apóstoles do noso santo evanxelio nazionalista, a quien todolos mozos que forman nas fías das «Irmandades» ollan con doce agarimo. Poucos, com o distinto escritor lembrado, sinten con sentimento fondo, fondo-nísmo, a grande obra. Poucos a comprenden coma él; poucos teñen o concepto moderno espansivo, transcendente dos nosos valores nazionalistas, coma él o ten.

Xavier Monteiro, leva mais d'un ano escribindo a cotío artigos na nosa lingua, dende Madrid, pesiás moitas ocupacións que o xornalismo llímpón. Escribe tamén, as veces, versos dunha grande modernidade nos que latexan as arelas e as cubizas galeguistas, todo o idealismo transcendente da nosa santa cruzada, invisibile para os «grandes homes prácticos» que se

coidan autoridades porque contan e remexen letras de cambio e montóns de billetes; para eses grandes homes, nados somente para habitadores de fautorías, dinos beocios enemigos d'Atenas.

Xavier Monteiro, no seo das «Irmandades», antrós nazionalistas galegos cotidianamente ven sendo loubado e señalado como un dos loitadores predilectos, merecente

dos maiores agarimos. Témol-o por un dos orientadores da causa. Na asamblea de Lugo fou ouvida a sua voz autorizada coma si estivese persente.

En tódalas «Irmandades», mas na da Cruña, sóbor todo, agardámol-o sempre c'os brazos abertos. Xavier Monteiro, forma no Estado Maior do nazionalismo galego por direito propio.

O MEDO

Conto por Valle Inclán

Ise longo e anguloso escalofrío que parece mensaxeiro da morte, o verdadeiro escalofrío do medo, solo o sentiu unha vez. Foi hai moitos anos, naquel fermoso tempo dos malorazgos, cando se fagüía informazón de nobreza pra sere militar. Eu fiñaba de outros cordóns de cabaleiro cadete. Houbera preferido entrar na Guardia da Real Persoa, promifía na oposición e seguindo a tradición familiar fun granadeiro no Regimiento do Rei. Non lembro con certeza os anos que fai, mais estouces apenaus apuntábame o bozo, e hoxe ando perto de sere un vello caduco.

—Denantes d'entrare no Reximento, mifía naí quixó botarme a sua belzón. A probe sifiora vivía retirada no recuncho d'unha aldea, onde estaba o noso pazo solariego, e alá fun sumiso e obediente. A mesma tarde que cheguei mandou en busca do Prior de Brandeso pra que visiese a confesarme na capela do Pazo. As mifías Irmáns María, Isabel e María Fernanda, qu'eran unhas nenas, baxaron a collar rosas o xardín, e a mifía naí encabezou con elas os froleiros do altar. Despois chamoume en voz baixa pra donarme o seu devozonario e declarou que fixese ensamen de concenza.

—Valte a tribus, meu fillo... álf hacharaste mellor.

A tribua señorial estaba a beira do Evanxelio, e comunicaba coa biblioteca. A capela era húmeda, teñerosa, resante. Sóbor do retablo campeaba o escudo concedido por executorias dos Reis Católicos ó sifior de Bradomín. Pedro Agular de Tor, chamado o «Chivo», e tamén o «Vello». Aquel cabaleiro estaba enterrado á dereita do altar; o cadaleito tiña a estatua ourante dun guerreiro.

A lampa do presbiterio alumebaba dia e noite diante do retablo, labrado como xzel de reis: os aureos racimos da vide evauxelica semellaban ofercerse carregados de fruto. O santo tutelar era aquel piadoso Rei Mago que oferescou mirra ó Neu Deus: a sua túnica de seda bordada de ouro, brillaba co resprandore devoto dun miragre ourental. A luz da lampa, antre as cadeas de prata, tiña timido vó de paxaro prisioeiro, como si se afanase por voar hacia o Santo.

Mifía naí quixó que fosen as suas maus as que deixasen aquela tarde ós pes do Rei Mago

os froleiros carregados de rosas, como ofrenda da sua alma devota. Despois, acompañada das mifías irmáns, axionllouse diante do altar. Eu dende a tribua solamente ouvia o murmullo da sua voz, que guiaba moribunda as ave-mariás; mais cando as nenas lles tocaba responder, ouvia tódalas verbas rituales da ourazón!

O serán agonizaba e os rezos resoaban na silenciosa oscuridade da capela, fondos, tristellos e augustos, como un eco da Pasión. Eu adormecíame na tribua. As nenas foron a sentarse nas gradas do altar: os seus vestidos eran albos como o liño dos panos litúrxicos. Eu soio distinguía unha soma que rezaba baixo a lampa do presbiterio; era a mifía naí: sostinha antre as suas maus un libro aberto e leña, coa testa inclinada. De tarde en tarde, o vento abaneaba a cortina d'unha outa fenestra; eu estouces ollaba no ceo, xa oscuro, a faciana da lúa, pálida e sobornatural como unha deusa que ten o seu altar nos bosques e nos lagos...

Mifía naí pechou o libro donando un salalo, e de novo chamou as nenas. Olléi pasare as suas somas brancas a través do presbiterio e columbrei que se axionllaban ás beiras da mifía naí. A luz da lampa tremaba con un débil resprandor sobre das maus, que voltaban a sostener aberto o libro. No silenzio, a voz leña, piadosa e lenta. As nenas escoltaban, e adivisiel as suas cabeleiras celbes sobre da alura do ropaxe, e caendo ás beiras da faciana iguales, tristelras e nazarenas. Adormecíame, e de súpito abrañaronme os berros das mifías irmáns. Olléi e fitelas no medio do presbiterio abrazadas a mifía naí. Berraban arripiadas.

A mifía naí colleunas da man e fuxiron as tres. Baixel de presa. Iba a segullas, e fiquei abraiado de terror. No cadaleito do guerreiro entrechocábanse os hosos do esqueleto. Os cabelos alporzáronse na mifía fronte. A capela ficara no maior silenzio, e ouvíase craramente o medroso e oco rolar da calaveira sobre da sua almofada de pedra. Tiven medo como o non tiven endexamais, pro non quixen que a mifía naí e as mifías irmáns me coldasen cobarde, e permanecían inmóvil no medio do presbiterio, cos ollos fixos na porta antreaberta. A luz da lampa tremaba. N-o outo abanabase a cortina d'unha fenestra, e as návatas pasaban sobre da lúa, e as estrelas alcendíanse

e apagábanse como as nosas vidas. De súpito, alá lonxe, resoou fesivo ladrao de cans e música de cascabeles. Unha voz grave i-eclástica chamaba:

—¡Elqui, Carabel! ¡Elqui Capitán!...

E o Prior de Brandeso, precedido dos seus lebreis aparesceu na porta da capela.

—¿Qué siñore granadeiro do Rei?

Eu repuxen coa voz afogada:

—¡Siñore Prior, ouvín tremal-o esqueleto dentro do cadaleito!...

O Prior atravesou pasenfiamente a capela. Era un home garrido i-erguelto. Nos seus anos xuvenis tamén fora granadeiro do Rei. Chegou até míñ, sin recoller o voo dos seus hábitos brancos, e pousándome unha man no hombro e fitándome a faciana descoorida, pronunciou gravemente:

—¡Qué endexamais poida decir o Prior de Brandeso que ollou tremar a un granadeiro do Rei!...

Non erguéu o man do meu hombro e ficamos inmóveis, fitándonos sin falarnos. N aquel silencio ouvimos rolar a calaveira do guerreiro. A man do Prior non tremou. A nosa belra os cans endereitaban as orellas có pescozo espeluznado. De novo ouvimos rolar a calaveira sobor da sua almofada de pedra. O Prior saudeume:

—¡Siñore granadeiro do Rei, temos que saber si son trasnos ou melgas!...

E acercouse ó cadaleito, e aséu as duas anellas de bronce empotradass n'unha das lousas, aquela que tifia o epitafio. Arrecheguelme tremando. O Prior fitoume sin despegalos belzos. Eu puxen a mifia man sobor da sua n'unha anela e tirei. Mairamente erguimol-a pedra. Un hoco mouro e frío ficou diante de nosoutros. Eu ollel que a ispida e amarelenta calaveira ainda se movía. O Prior alargou un brazo dentro do cadaleito pra collela. Despois, sin unha verba e si un xesto, entregouuma. Recibinna tremendo. Eu estaba no medio do presbiterio, e a luz da lampa cafa sobor da mifia mans. Ao fixalos ollos, sacudiuina con horror. Tifia autrellas un niño de cõbregas que se desanelaron asubiendo, antramentas a calaveira rolaba con hoco e llívano son, todal-as gradas do presbiterio. O Prior ollábamé cos seus ollos de guerreiro, que lostregueaban baixo da capucha, como baixo a viseira dun casco.

—¡Siñore granadeiro do Rei, non hai ausoluzón... ¡Eu non ausolvo os cobardes!

E saleu da capela arrastrando os seus hábitos talares. As verbas do Prior de Brandeso resoaron moi tempo nos meus ouvidos. Ainda resoan. ¡Tal vez por elas, soupen mais tarde: sorrire á morte como a unha muller!...

PARA OS VIGUESES CONSCENTES

CONTESTANDO A UN PARVIÑO

O analfato espiritoal, fabricante de novelas da cidade da Oliva, contestando a

un artigo de Branco Torres, no «Faro de Vigo»—xornal caciquil—pertende a falta de razós enemistare os nazonalistas galegos co'a pobración viguesa.

Os nazonalistas galegos, fican moito por riba de todolos localismos imbeciles que foron vergoña da nosa Terra.

Os nazonalistas galegos, teñen bos amigos en Vigo, e moitas veces teñen siñalado a aquel pobo como exemplo contra d'outras vilas da patria. Os nazonalistas galegos non son eruñeses, nin lugueses, nin ourensanos, nin pontevedreses, nin ferroláns, nin vigueses, nin santiagueses; son somente galegos. E pol-o mesmo consideran todal-as vilas da Terra, vilas suas. Teñen, pois, direito a censurar a Vigo, a

Cruña, e a cantos pobos galegos queiran, sin que ningún, agás os parvos localistas e provincianistas ridiculos poidan encabuxárense por ilo.

O fabricante de novelas, está, emporiso, moi trabucado. Xa se conece que é un homiño de vello maxín aduladore dos velllos caciques que coida invariabres os tempos.

Pol-o demais, sepa que no nazonalismo galego están todolos mozos de valimento intelectual da Terra. Todos os que pensan de seu e saben valorare o propio senso.

D'isto falaremos no número que ven de A NOSA TERRA.

E coste que este BOLETÍN ten moitos leutores en Vigo.

PANGALEGUISMO

O CAMIÑO DIREITO

Para a Academia de Ciencias de Portugal

1.º Galicia ten que considerar a Portugal, pois élo é axiomático, como o baluarte da sua independencia espiritoal. Namentras Portugal exista como nazón independente, Galicia no 1 perderá endexamais as esencias duinha persoalidá propria, que, esvalda ou non, sempre terán virtude xermoladora dun senso irredentista. Galicia, emporiso, debe ter sempre latexante no seu idealismo nazonalista este principio:

“A libertade e a independencia de Portugal considerámol-a os galegos como nosa mesma libertade e independencia, e estaremos dispostos de cote a erguermonos violentamente contra dos que quizesen esnaquizar aquela”.

2.º Galicia considera o portugués como o galego nazonalizado e modernizado, e así pensa de fondo e trascendente interéss familiarizar entre os galegos a gloriosa literatura portuguesa, prova suprema e fecunda de que no noso idioma pode e debe ficerse nosa cultura coase inexistente, efecto de cinco séculos de centralismo desgaleguizador que non foron capaces de matar a fala de Rosalla, inda hoxe empregada polas cinco sextas partes do povo, e comprendida por todos os galegos.

COROLARIO: Como o galego foi sempre e inda é hoxe o idioma do noso traballo propio, tendo sido antano o idioma internacional do arte e instrumento lírico da aristocracia ibérica, intelectualizando de novo, como se ven facendo, e voltando a donarlle senso cidadán e aristocrático, surdirá a unidade espiritoal e material da Nosa Terra, cegándose o fondo divorcio entre as vilas e o campo e trocando o traballo colonizado en traballo propio. D'elqui nasce a necesidade da urgente coficialidá do idioma galego.

3.º Galicia considera que ela con Portugal forma nazón completa, tallada pol-o fatalis-

mo histórico. E afirma que somente Galicia pode ser prenda e única clave dunha futura grand'Iberia diste xeito:

A.) Reconocendolle Hespafía unha autonomía integral maior e diferente que as dos mais povos, tan fonda que reuna todas as características de verdadeira independencia, capaces de deixárennos no que nós chamamos *estada nascente*.

B.) Pondo en vigencia pol-o que fai a nós, aqueles artigos do Código civil portugués nos que o direito consuetudinario galego, fica reconecido e respeitado, sen propósito de que o fose, mas por identidade de natureza, namentras se esquece no código castelán.

C.) Permitindonos facer tratados de comercio e de pesca con Portugal, xa que os intereses nosos son os que teñen ou poden teren maior desenvolvemento (de todos os d'Hespafía) na vicaría República e que hoxe sufren fundamentalmente pol-o régimen proteccionista que favorece brutalmente con grave perxucio para nós, como para ningúen, a riqueza das outras rexións.

D.) Autorizando a creación dun Instituto d'Estudos galego-portugueses nunha vila fronteira da Lusitanía, onde anualmente axúntense en asamblea representacións culturais, industriais, artísticas e comerciais dos dous povos irmáns.

COROLARIO: Reciprocidade dos títulos académicos de Portugal e Galicia.

F.) Consignando que todo bulra ou ironía que se adlique por hespafíoles a portugueses será tomada como aldraxe feito aos galegos.

COROLARIO: Inda sendo para nós accidental a forma de Governo, pensamos que unha República hespafola federal facilitaría o progreso do Iberismo. E ista accidentalidade condiciona-

da formulámola elas! Se Portugal fose Monarquia e Hespaña República, non sería a xuntanza d'entrambos Estados actuaes, perigosa para as instituzóns portuguesas. Mas socedendo o contrario, a *Monarquia maior* influiría, quixerá ou non, no derrocamento da *República menor*.

G.) Portugal e Galicia poderán pactaren un régimen dual como nazóns que reconécense atraguidas por unha unidade superior, filla da común naturaleza, que somente asín seu recebos tería ingreso nunha grand'Iberia.

H.) Como primeiro paso para todo isto, os nazolistas galegos teñen que acordaren dirixirrense a o Governo portugués con o obxeto que él na conferencia da paz e dentro da Liga das nazóns, fágase intérprete do noso desexo d'autonomía integral e da nosa doer de que naméntras os povos neutraes d'Europa viven en xelito de pacifismo interior, Hespaña é o único Estado que gardaron neutralidá na guerra onde fica sen resolver un problema de nazonalidades e Linda o do exercicio da cidadanía, orixe de constante lucha interior, estorbo para a civilización xeneral.

CONCRUSIÓN: GALICIA E PORTUGAL ESTREITADAS AO FIN SUPONERÍAN UNHA EXPANSIÓN CULTURAL DE IDIOMA DIFERENTE DO CASTELÁN TAN EXTENSIVA COASE COMO A D'ESTE NA PENÍNSULA E CAMIÑO DE RIVALIZAR TAMÉN NA AMÉRICA, CON O BALUARTE DO BRASIL, SINIFICANDO A REDENZÓN DO NOSO ESPÍRITO PARA COLABORAR POR NÓS MESMOS, CON TODAS AS ESENCIAS NATURAES DA NOSA RAZA, NO SUPERIOR COMUNISMO DA CULTURA UNIVERSAL, DE QUE FALOU GUYAU.

A. VILLAR PONTE.

(Proposición lida na Asamblea Nazonalista de Lugo.)

XA PARECEU AQUELO....

O Instituto de vacunación antiliberal

Así lle ten chamado un amigo noso ó paverlo Instituto cuias columnas principais son Picorete e García,

Este Instituto (!) nasceu para traguer el Rei a Crux—según ouvimos dicir—, para servir de plataforma a unhos cantos bons señores e para desagraviare a aqueles políticos galegos do vello réxime, asoballadores da nosa Terra, cando os nazonalistas os acometan xustamente, como acaban d'acometer a González Besugo e a outros.

Si esto é de certo, ou non, saberán os institucioneiros. Pol-o pronto xa quixeron botal-o seu carto a espadas, no da autonomía. ¡Un Instituto político, que nasceu para non ser político, dentro d'unha sociedade de recreio integrada por xentes de tódalas ideas! ¿Pro isto non é ciscarse no Reglamento do «Circo d'Artesanos»?

¡Sonvos moi chistosos os picoreteiros! Sintense autonomistas agora; «autonomistas do vispera», cando ven que se vai o réxime autónomo por riba de todo, logo de seren enemigos d'él.

Non, nin Picorete nin García teñen voz

nin voto no pleito da libertade da nosa Terra. Un é garciprietista; o outro gasettista. Amos defensores dos políticos caciques galegos. Somente os parvos poderían crer n'eles. Os parvos e os labercos. Vede casi os louban a *Voz*, e o *Orzán* e o *Ideal*.

Mas non se fagan ilusións os picoreteiros. Frente ó nazionalismo galego non significan nada; nin polo número nin pola calidade. Enténdase o da calidade en dous sensos: o do intelectualismo e o da pureza.

Tod'a xente nova e pura que ten prestixio e valimento está con nosco. Respeuto ó número... Fixaivos, picoreteiros: Somente a «Irmandade da Fala», da Crux, representa unha forza enorme en comparanza con vos. Antre mulleres e homes conta aquela mais de mil socios. Todos unidos por un mesmo ideal; axuntados c'o único ouxeto de defenderen o ideal galeguista.

E o «Instituto de vacunación antiliberal», Instituto d'estudos mortos, sin ouxento, existindo a Academia Gallega, ¿qué forza ten; que opinión repersenta; en nome de cantos ciudadans pode falare?

No nome dos socios do «Circo», non; porque o «Circo» é unha sociedade de recreio, formada por xentes de tódalas opiniões, na que hai moitos nazonalistas, republicanos e neutros. E si non fala no nome dos socios do «Circo», ¿a qué fica reducido? A un eco esvaido das comenencias e as fachendas do Picorete, García e seis o sete mais satélites d'aqueles fraca-sados.

¡Malpocadiños! ¡Asomades a orella! Pro évos inútile. Somente en broma vos tomará a nova Galicia que surde triunfal o mesmo nas aldeas que nas vilas, en Portugal e nas Américas.

O nazionalismo galego é unha causa viva, ateigada de saude, de cultura, d'austeridade. Vós sodes a cursilería e a fachenda. Agárdamos, escachándonos de risa, a vosa primeira defensa dos grandes caciques políticos noxentos.

POLÍTICA INTERNACIONAL GALEGA

Unha intervención

“Século” de Lisboa

O *Século*, de Lisboa, publicou unha longa e interesante intervención feita polo seu correspondente en Madrid con Basilio Alvarez.

O abade de Beiro faña de moitas cousas. Somente queremos facernos cárgo agora de duas: o referente as «Irmandades da Fala» e a xuntanza con Portugal.

«As Irmandades da Faja—dijo Basilio—nacieron da exemplo de Cataluña. Os galegos decatáronse de que un dos poderosos nos que uniron os catalás, foi a lingua.

Acerca da simpatía con que os galegos ollan a Portugal, manifestou: ¡Respiramos o mesmo ar! Si a proximación que se intentou coos catalás se tivera intentada coa República portuguesa... O Miño non é capaz de arredar a galegos e portugueses. Levamos nas veas o mesmo sangue, a mesma lingua, as mesmas lendas, some-

llantes afinidades literarias, iguales costumes, paisaxes parecidos, o mesmo mare, comunidade de ideas e de razões xeográficas, pois Galicia, de certo, non e mais que un alongamento de Portugal. Non estamos apertados; estamos unidos naturalmente.

Logo d'isto o correspondente d'*O Século* pregunta: ¿Síntese o irredentismo na Galicia? E para contestar, di, empregando unhas verbas d'un xornalista galego: «Si conocedores os galegos de que os gobernantes e cortesáns d'Hespaña, en vez de lles conquerirem o corazón despertaban n'eles o medo impónolles castigo, crearon un partido separatista, un partido d'anexión a Portugal...»

O que fica escrito e o que mais nos interesa os nazionalistas galegos da entrevista de Basilio Alvarez.

Pero Basilio o non sabe coma tampouco o correspondente do *Século* que as «Irmandades da Fala» xa fai moito tempo que pregaron ás institucións políticas de Portugal que ollasen con curiosidade as suas actuacións e traballos mentras non perduran ningún medio para testimoniarlle ó pobo irmán a mais fonda simpatía.

Peneirando...

A Porta do Sol, da Corte, ameaza afundirse. A Porta do Sol, com a muralla da China, é do mais simbólico que se tifia para falar do atraso dos pobos.

A Porta do Sol simboliza tod'a folgazanería, tod'a orgullosa, tod'o morto e sin alma da vella Hespaña centralista e podre.

A Porta do Sol era a feira de todolos sifioritos isidros da Iberia.

Cando trema aquela porta, móstranse más firmes e fortes as Ramblas de Barcelona.

Isto matará aquelo.

* * *

Bergamín, o velho político cacique, feito persoas nos tempos vergonhosos do Rómulo-Bledismo, riuse e tivo chistes imbéciles c'omo motivo de pedir voto para as mulleres a comisión extraparlamentaria.

¡E Bergamín foi ministro de Destrucción pública!

Bergamín e lástima que non colabore no *Orzán*.

* * *

O síntoma mais craro da decadencia triste e fonda da Galicia castelanizada latexa nas páginas literarias que de cando en cando publican algúns xornais da nosa Terra.

Un xornal que só poden ler os que non teñen senso común, o *Noticiero de Santiago*, anunciou como extraordinario de primeiro de ano unha folla na que tódolos artigos eran... de escritores de fora da rexión. Unha folla d'artigos d'axencia, andaluces, madrileños, etcétera. ¡Qué probeza o espírito!

As páginas literarias do *Ideal Gallego* son parecidas.

¡Por dignidade, colegas!

* * *

O *Ideal Gallego*, imitando os monárquicos catalás, pide que o día do santo do Rey, se faga unha manifestación de simpatía a aquel. A *Voz* atopa boa a iniciativa. O *Orzán* xa non hai que falar.

¿Porqué O *Ideal* non s'adulta a decir que só deben figurar na manifestación de marras os monárquicos confesionalistas? ¿Ou únicamente l'intresa o confesionalismo no naziona-

lismo galego para que o noso nazonalismo morra a maior gloria de Gasset e compañía?

Pouco oportunas nos parecen a nós manifestacións monárquicas agora. Porque esas manifestacións poden ser interpretadas mal ben como desexo d'unifrente ós pés do Trono cantos sinten xenreira contra da autonomía e a liberdade dos pobos ibéricos.

Eso pode sinificar a incompatibilidade da Monarquía c'un novo réxime autónomo e libre.

Pode ser—e o será—unha manifestación dos caciques e os servos de seu, unha verdadeira maniobra da vella e noxenta política para terminar das oligarquías ameazadas de morte.

Hai amores que matan, siñores do "Ideal... gasetista,"

Como hai preguizas e negligencias perigosas, siñores demócratas da Cruña.

¡E moi ben pol-o crego enxebre Pifieiro que, conforme con nós, lle deu un bon pau a Alfredio!

O idioma galego non serve para a ciencia, según García Rímos.

Serve e serveu para a poesía, millor que o castelán, según Villaespesa e todos os poetas alleos a nós.

E un idioma que serve para interpretar os xeitos mais finos do sentimento e as temperaturas mais varias do espírito ¿pode non servir pr'a ciencia? ¡Cando na ciencia a forma d'expresión e o de menos e o conceuto o principal!

Escrívase por un sabio científico unha obra de ciencia en galego, e veremos entón si chegan ou non ó mundo culto as suas novedades. Non hai idioma mais duro e difícil que o alemán, e xa vedes si triunfou a ciencia alemana.

Pro, ademais, que ganas de falar por falare. ¿No portugués non se tifien escrito libros de ciencia?

¿E cantos libros de ciencia se tifien escrito en castelán? Haxa sabios, haxa ciencia, que a lingua e o de menos...

* * *

O ABC pride co'a sua centrofilia, que se neguen os direitos civis e políticos a cantos chegados á maioria d'idade non selban correlativamente o castelán.

Non hai un melo millor de facer separatismo. Levado aquelo ás leises, coas toda Galicia, coas toda Euskadi e coas toda Cataluña ficarián divorciadas d'Hespafía. Hespafía sería entón Castela.

* * *

A Voz de Galicia nun artigo titulado "El traje de Ventosa," dixo unha cheia de parvadas con má intención.

Censura a aquel catalanista porque nun discurso falou de que darilles unha autonomía igual a todas as rexións tería de ser absurdo. A Voz quere ver contradicción entre o que agorá dín os catalanistas e o que dixerón denantes. Non hai tal, coleguia. Primeiro a asamblea

de Parlamentarios, e logo Cambó no Congreso, contestando ó cacique Alba, sostiveron o criterio de Ventosa.

Decía Cambó: "N' fórmula da asamblea de Parlamentarios chegouse a unha solución que é a mesma que eu vos dou agora. Cando a vontade manifesta, con todas as garantías, d'un núcleo—chamádelle rexión ou nazón—pidira seu reconocemento coma tal rexión e o exercicio d'istas facultades, que se l'otorgasen; pro non impondo rexións artificiales, non esixindo que se desgazaran da tutela do Poder central aqueles territorios d'Hespafía que coláranse fallos de preparación para unha aición propia.

¡Está clarifío?

Contradicciones as da Voz. Causa de afirmar que Galicia non ten ainda capacidade para a autonomía, protesta contra palabras de Ventosa nas que di este que non só os pobos d'Hespafía áchanse á outura de Cataluña.

En troques non censura ó fatal e ridículo Dato que di que a autonomía municipal traugrúa—¡cacique farsante!—un caciquismo maior que o d'oxe.

Dato, Gasset, Alba, García Prieto, Basada, Bugallal, Bergamín... Vendo a estes homes facer de políticos, sintieron bolcheviques separatistas...

O réxime trema sobr'o fango. Val camifio d'afundirse e chantarse n'il.

Tipográfica Obrera.—Socorro. 3

HOTEL CONTINENTAL

Castelar, 8 e Olmos, 28

O MELLOR SERVIDO

— DE —

M. Losada Prado
A CRUÑA

— Adeus, Foco.

— Adeus, Xan.

— Pra onde vas.

— Bouche pr'a casa do noso irmán, A. Gude, a Rúa Real, 59, 1.º, a faguerme un fraxe d'aqueles qu'él fai tan bos e xeitosos.

FRÁBICA MECÁNICA

:- DE CALZADO :-

— DE —

ANXEL SENRA

RÚA XUAN FLÓREZ

Depósito: Cantón Grande, 15

A CRUÑA

GRAN FONDA *Las Cuatro Naciones*

San Andrés, 102.—A CRUÑA

O novo dono d'ista fonda, no seu desejo de mellorar o trato aos señores viaxeiros, fixo grandes reformas.

Xántase ben, e os precios están ó alcance de todos.

Gran H. Universal

Rúa da Reina (da Raiña), 21—LUGO

O MÁIS NOVO E O MILLOR

Ten carto de baño moderno. Dispón de teléfono (núm. 116) e de coche da casa pra todos os trens.

O GRAN H. UNIVERSAL merece ser visitado

Fáise carregos de toda
clases de traballos grá-
ficos, en imprenta, litog-
rafía e fotograbado,
ansí como sellos de
caucho

A Papeleira Galega

PRÁBICA DE BOLSAS DE PAPEL
DE TODAS CLAS

FOTOGRABADO

Teléf. 434

BARREIRA, 7

A CRUÑA

Os viños e coñas millores

son os que se porta a casa de PEDRO DOMEQ, de Xerez da Fronteira, fundada en 1737. A casa más antiga de Xerez.

O vermouth más selecto

de mundial e reconocida sona é o ZINZANO (Torino).

O Anís do Mono

é un einspréndido licore sin rival

Pra viños de mesa

non hai outros com'ós dos cosechelros esportadores Sres. R. LÓPEZ DE HEREDIA (Haro). Casa central: Pazo da Equitativa.—MADRID.

REPRESENTANTE EXCLUSIVO: (matriculado) de todas estas marcas

José C. Juncosa

Galera, 39 é 41-2.º piso.—A CRUÑA

Fillos de A. Barceló (S. en C.)**MÁLAGA**

Cosechelros, esportadores de viños seleitos da España, oxén, anisados, ron, cofiac, etc.

Son os únicos donos das marcas de molto creto e souna chamadas.

ANIS DOUS MONOS**RON LA LUCÍE****OXÉN SUPERFINO**

Pra encargos, na Crufia, rúa do Orzán, 144

LA MODERNISTA**GRAN SALÓN DE BARBEIRIA**

—DE—

RAMOS E ACEA

San Andrés 94, 1.º — A CRUÑA

Estabreimento de primeiro orde, dotado de estufa de desinfeción e todolos aparatos higiénicos. Especialidade en lavabos de cabeza, loclós e friclós de todas clases.


Nota: N'este estabreimento atopará o públlico un servizo permanente a cargo dos seus propletarios, antigos dependentes das más importantes peluquerías, desta capital.

LEUTORES:

Quen queira ter un traxe bóo e xeitoso, e que lle coste pouco dñeiro, qu'ó faga na xastrería de

Xosé Varela

CIRCO, 16 - BAIXO — VIGO

**COMPAGNIE GENERALE TRASATLANTIQUE****VAPORES CORREOS DE GRAN VELOCIDADE***Servicios directo desde o porto da Cruña***LINEA DE HABANA A VERACRUS**

| | |
|--------------------------------------|--------------|
| Prezo en terceira á Habana | Ptas. 298·60 |
| Veracrus | 313·60 |

Facilitanse billetes de ferrocarril da Habana a Santiago de Cuba polo prezo de Ptas. 35.

Os emigrantes e todolos equipaxes, son levados a bordo por conta da Compañía.

Para toda clás d'informos sóbor de datas de saída, prezos do paxase e tipos de flete, dirixirse ó seu Consignatario

D. Nicandro Fariña

Rúa de Compostela, esquina á Praza de Lugo

NOTA.—Quedan sin efecto todalas tarrxetas de visita, pois non se deixa entrar a bordo.

¡GUERRA AOS CALLOS!

Callos, Sabaños e Ollos de gallo curáranse co

Bálsmo Oriental

Premiado con Medalla d'Ouro na Exposición de Buenos Aires

Frabricantes: **Prudencio López e Fillo - Jerez**

Representante: **Manuel Sánchez - A CRUÑA**

De venta n'as boas Boticas

Consultorio Médico-Quirúrxico**J. Lastres**

Consulta e tratamento d'as enfermedades en general

ESPECIALIDADES

Piel, (incurso cáncer, lepra, lupus, e úlceras atónicas).—Peito, Estómago, Anemia

Reumatismo, Artritis deformantes

Neuralgias, Arterio-esclorosis, Parálisis

Electroterapia, Aeroterapia, Seroterapia, Análisis

RAYOS X

Gabinete Iisioterápico: Consultas de 10 a 12 Tratamentos e prezos a horas convencionais

Non se fai asistencia aos fogares

Praza d'Ourense, 2-1.º (esquina a Picavia)

A CRUÑA**FERMOSINDA**

Novela en idioma galego, por

FARRUCO PORTO REY

PRESO DUAS PESETAS

Véndese n'a librería de P. Cué e C.ª

RUA REAL, 49 — A CRUÑA

VIÑOS FINOS**RIOXA - MEDOC**

Felipe Ugalde - Haro

Concesionario en Galicia:

WALDO LOSADA - A CRUÑA

a nome de quen deben vir os pedidos da Rexión

COMPAGNIE GENERALE TRASATLANTIQUE**VAPORES CORREOS DE GRAN VELOCIDADE***Servicios directo desde o porto da Cruña***LINEA DE HABANA A VERACRUS**

| | |
|--------------------------------------|--------------|
| Prezo en terceira á Habana | Ptas. 298·60 |
| Veracrus | 313·60 |

Facilitanse billetes de ferrocarril da Habana a Santiago de Cuba polo prezo de Ptas. 35.

Os emigrantes e todolos equipaxes, son levados a bordo por conta da Compañía.

Para toda clás d'informos sóbor de datas de saída, prezos do paxase e tipos de flete, dirixirse ó seu Consignatario

D. Nicandro Fariña

Rúa de Compostela, esquina á Praza de Lugo

NOTA.—Quedan sin efecto todalas tarrxetas de visita, pois non se deixa entrar a bordo.